


O DÍA DA PAZ



O Día da Paz celébrase o 30 de Xaneiro, é O Día Escolar da Non-Violencia e a Paz, foi declarado por primeira vez en 1964. Neste día, os colexios e os centros convértense en instrumentos de paz entre persoas de distinta raza, cultura e relixión.

No noso colexio, **CEIP de MONFORTE** (Colexio Novo) celebrámolo todos os anos, e é un acto moi especial.

A mensaxe deste día é: **Amor, Non-violencia e Paz no mundo.**

No 30 de Xaneiro conmemórase tamén a morte de Mahatma Gandhi, Um día coma ese de 1948, foi asasinado a tiros por un fanático hinduista.

Este ano traballamos o tema dos premios "Nobel da Paz" É un dos cinco Premios Nobel que foron instaurados por Alfred Nobel. Outórgase "á persoa que traballe máis ou mellor en favor da fraternidade entre as nacións, a abolición ou redución dos exércitos existentes e a celebración e promoción de procesos de paz", segundo o testamento do propio Nobel. E entrégase en Oslo. Este premio foi outorgado a 95 persoas e a 20 organizacións desde a súa creación en 1901. O Comité Internacional da Cruz Vermella recibíuno en tres ocasións, en 1917, 1944 e 1963; a oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, en 1954 e 1981.

INFANTIL 3 ANOS: UNICEF.


A UNICEF Outorgóuselle o Premio Nobel da Paz en 1965 e o Premio Príncipe de Asturias da Concordia en 2006. Polos seus programas de axuda de urxencia a millóns de nenos e nenas de todo o mundo. Comezou a súa andaina en 1964 para responder as necesidades da infancia Europea que, tras a Segunda Guerra Mundial atopábase nunha precaria situación.



INFANTIL 4 ANOS: MARTÍN LUTHER KING

Martin Luther King Jr - recibiu o Premio Nobel da Paz en 1964 pola súa campaña sobre os dereitos civís dos negros.

King é recordado como un dos maiores líderes e heroes da historia de Estados Unidos, e na moderna historia da non violencia. Concedéuselle a título póstumo a Medalla Presidencial da Liberdade por Jimmy Carter en 1977 e a Medalla de ouro do congreso dos Estados Unidos en 2004. Dende 1986, o Martin Luther King Day é día festivo nos Estados Unidos.



INFANTIL 5 ANOS: JIMMY CARTER

James Earl "Jimmy" Carter, Jr. (n. 1 de outubro de 1924), é un político estadounidense do Partido Demócrata que foi o trixésimo noveno Presidente dos Estados Unidos (1977-1981), Carter recibiu o Premio Nobel da Paz en 2002, galardoado polos seus esforzos infatigables para encontrar solucións pacíficas aos conflitos internacionais, por impulsar a democracia e os dereitos humanos, e por fomentar o desenvolvemento económico e político dos pobos.



PRIMEIRO A: TERESA DE CALCUTA

A Nai Teresa de Calcuta, nacida 26 de agosto de 1910 - Calcuta, India; Faleceu o 5 de setembro de 1997, foi unha relixiosa católica albanesa célebre polo seu labor humanitario na India. Foi galardoada co Premio Nobel da Paz en 1979 e beatificada polo Papa Juan Pablo II en 2003.



Grazas ao se labor arredor de todo o mundo abríronse centros para atender leprosos, anciáns, cegos e persoas que padecen da SIDA e fundáronse escolas e orfanatos para os pobres e nenos abandonados.

PRIMEIRO B: MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

Médicos Sen Fronteiras é unha organización fundada en Francia en 1971 por un grupo de médicos coa idea de que todo o mundo ten dereito a unha asistencia médica, independentemente da súa orixe social e do país onde vive.

Foi galardoada co Premio Nobel da Paz en 1999 por ser pioneira no traballo humanitario en varios continentes.



SEGUNDO A: KOFI ANNAN

Kofi Atta Annan foi o primeiro home negro en ocupar a Secretaría Xeral da ONU. A súa prioridade foi a planificación da reforma das Nacións Unidas.

Pronunciouse en repetidas ocasións, para loitar activamente contra a SIDA, converténdose nunha gran prioridade dos seus gobernos. Xunto coa mesma ONU recibiu o Premio Nobel da Paz en 2001 polo seu traballo por un mellor mundo organizado e máis pacífico.



SEGUNDO B: ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO

A Organización Internacional do Traballo (OIT) é un organismo especializado das Nacións Unidas que se ocupa dos asuntos relativos ao traballo e as relacións laborais.

Entre os programas que a OIT leva adianta destácase o Programa Internacional para a Erradicación do Traballo Infantil (IPEC).



En 1969 a OIT recibiu o Premio Nobel da Paz.

TERCEIRO A: WANGARI MAATHAI

Wangari Maathai foi honrada co Premio Nobel da Paz 2004 pola súa colaboración ao desenvolvemento sustentable, á democracia e á paz.

Esta queniana, ten espírito de precursora. Non só é a primeira muller africana en gañar o Nobel da Paz (a sudafricana Nadine Gordimer gañou o de Literatura en 1991), senón que tamén foi a primeira muller en África Central e Oriental en obter un doutorado. Tamén foi a primeira Decana da Universidade de Nairobi, Kenya.



TERCEIRO B: COMITÉ INTERNACIONAL DE LA CRUZ ROJA

O Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) é unha organización imparcial, neutral e independente, que ten a misión exclusivamente humanitaria de protexer a vida e a dignidade das vítimas da guerra e da violencia interna, así como de prestarlles asistencia. Nas situacións de conflito, dirixe e coordina as actividades internacionais de socorro. Procura, así mesmo, previr o sufrimento mediante a promoción e o fortalecemento do dereito e dos principios humanitarios universais.



Recibiu o Premio Nobel da Paz en 1917, 1944 e 1963, e o Premio Balzan en 1996.

CUARTO A: NELSON MANDELA 1993

Nelson Rolihlahla Mandela. Político sudafricano

As eleccións de 1994 converteron a Mandela no primeiro presidente negro de Sudáfrica; dende ese cargo puxo en marcha unha política de reconciliación nacional, foi o primeiro presidente de Sudáfrica en ser elixido por medios democráticos baixo sufraxio universal.



Por unha vida que simboliza o triunfo do espírito humano sobre a inhumanidade duns homes cara a outros, Nelson Mandela recibiu o Premio Nobel da Paz en nome de todos os sudafricanos que tanto sufriron e sacrificaron por lograr a paz na nosa terra.

CUARTO B: RIGOBERTA MENCHU TUM

Rigoberta Menchú Tum é unha líder indíxena guatemalteca e defensora dos dereitos humanos. É Embaixadora de Boa Vontade da Unesco e gañadora do Premio Nobel da Paz e o Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional polo seu traballo en defensa e dignificación da muller.




O Premio Nobel foille outorgado en recoñecemento ao seu traballo pola xustiza social e reconciliación etno- cultural baseado no respecto aos dereitos dos indíxenas.

QUINTO A: MIJAÍL GORBACHOV

Gorbachov dirixiu a súa acción a rematar cos conflitos xurdidos no marco da guerra fría.

Lanzou unha proposta de reestruturación e modernización da economía e a sociedade soviética, coñecida como perestroika

Polo seu esforzo para dar fin a Guerra Fría, acabar coa dominación de posguerra que a Unión Soviética exercía sobre Europa Oriental, en 1990 concedéuselle o Premio Nobel da Paz.



QUINTO B: BARACK OBAMA

O 9 de outubro de 2009 foille concedido o Premio Nobel da Paz polos seus esforzos diplomáticos en pro do desarme nuclear, a consecución dun proceso de paz en Oriente Medio e o fomento da loita contra o cambio climático.

Barack Obama, o novo presidente electo de Estados Unidos, fixo historia ao converterse no primeiro afroamericano en chegar á Casa Branca, un acontecemento sen precedentes que cambiará para sempre a rumbo do seu país, e quizais o do resto do mundo.

Trátase da primeira vez que recibe o Nobel da Paz un presidente de EEUU en activo.



SEXTO A: CASCOS AZUIS- FORZAS DE PAZ DA ONU

As Forzas de Paz da ONU, popularmente coñecidas como os "cascos azuis" debido á cor destes, son corpos militares encargados de crear e manter a paz en áreas de conflitos, monitoroar e observar os procesos pacíficos e de brindar asistencia a ex combatentes na implementación de tratados con fins pacíficos. Actúan por mandato directo do Consello de Seguridade da ONU



Fixéronse acredores ao Premio Nobel da Paz grazas ao seu labor pacífico pola participación en numerosos conflitos dende 1956.

SEXTO B: AMNISTÍA INTERNACIONAL

É unha organización humanitaria que traballa para promover os dereitos humanos no marco da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e outros tratados internacionais.

En 1977 esta organización recibiu o Premio Nobel da Paz por "contribuír a afianzar a liberdade, a xustiza e, con iso, tamén a paz no mundo"

